



ORDENANZA Nº 37.-Ordenanza municipal reguladora da prestación municipal de axudas para situacións de emerxencia social

PUBLICACION BOP 12/05/2012

O Concello de Xinzo de Limia, a través dos seus servizos sociais, ten como unha das súas funcións e tarefas máis consolidadas a de prestar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultade, derivada, a maior parte das veces, pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos, que son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade a que toda persoa ten dereito, e que son precisos en determinadas ocasións para asegura-la supervivencia.

Esta competencia municipal vén determinada de conformidade co previsto no artigo 25 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo artigo 64.1.d da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e da Lei 13/2008, dos servizos sociais de Galicia, atribuíndo ós concellos a colaboración na xestión das prestacións económicas nos termos que regulamentariamente se establezan, razón de ser desta ordenanza dado a natureza regulamentaria desta.

As administracións públicas, neste caso o concello, precisan dispor nesta materia dunha ordenanza áxil e efectiva, de xeito que poida conciliarse a atención ás persoas en situación de emerxencia social e os procedementos propios da Administración, que son de aplicación nestes casos.

O procedemento que se vai seguir non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pois resultan implícitas nas prestacións para conceder e nas condicións sociais dos/as beneficiarios/as, as razóns de interese público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública.

Artigo 1.- Réxime xurídico

A concesión das axudas de emerxencia social rexerese pola normativa xeral de aplicación e polo disposto nesta ordenanza e nas disposicións que adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.

Artigo 2.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta ordenanza o regulamento da concesión de axudas de emerxencia social do Concello de Xinzo, destinadas a sufragar-los gastos específicos de carácter extraordinario, necesarios para previr, evitar ou paliar situacións carencias, urxencias sociais ou situacións de marxinación social. Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, sendo sempre un apoio á intervención social.

Artigo 3.- Definición

As axudas de emerxencia social son aquelas axudas económicas, ou en especie, municipais, de carácter non periódico, que teñen como finalidade atender-las necesidades sociais básicas, entendendo por tales o conxunto de axudas económicas destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas ou complementariamente con outros recursos e prestacións, esas necesidades, e a previr situación de exclusión social e a favorece-la plena integración social.

O orzamento municipal conterá a consignación anual que se destinará á concesión destas axudas. Emporiso, o devandito crédito poderá declararse ampliable conforme ó disposto nas bases de execucións dos orzamentos municipais de cada exercicio e en función as disposicións



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

orxamentarias, sempre que non finalizara o prazo para a súa resolución. A falta de consignación orxamentaria determinará a desestimación das solicitudes presentadas.

Artigo 4.- Criterios xerais para a concesión das axudas

Para a concesión destas axudas teranse que cumprir-las seguintes criterios xerais:

- Acreditación do encadramento do solicitado conforme ó obxecto desta ordenanza. A necesidade obxecto de axuda deberá ser valorada por unha comisión de servizos sociais, tralo informe social, e integrada nun proceso de intervención social.

Artigo 5.- Clasificación das axudas.

As axudas clasifícanse en catro tipoloxías, debidamente diferenciadas:

a. Situacións derivadas de falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:

- Axudas paliativas de situacións de necesidades persoais: alimentación, roupa, axudas á escolarización.
- Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio: adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións de carácter urxente, luz e auga corrente, creación de sanitarios.
- Axudas destinadas a inmigrantes e emigrantes retornados, carentes de recursos económicos que garantan o mínimo nivel de inserción.
- Calquera outras axudas que dean cobertura ás necesidades configuradas como obxecto desta ordenanza.

b. Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual, ás que as/os usuarios/as non poidan facer fronte por carencia de recursos.

- Desafiuzamentos.
- Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda.

c. Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, non cubertos polo sistema público de saúde ou por mutualidades e seguros privados

d. Situacións que provoquen ou tendan a provoca-la marxinación de persoas que as padecen.

Artigo 6.- Incompatibilidade das axudas

Será incompatible a concesión da axuda económica co goce gratuíto de servizos que cubran as mesmas necesidades. Así mesmo, non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que fosen concedidas por outras administracións ou organismo público. Exceptuarase este último requisito se a axuda concedida por outras administracións ou organismos non dá cobertura total á necesidade, podendo neste caso completa-lo Concello de Xinzo de Limia a dita achega, sen que en ningún caso se supere o custo total do obxecto da axuda.

Artigo 7.- Beneficiarios das axudas

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas as persoas físicas para si ou para a súa unidade familiar que reúnan os requisitos que se mencionan nesta ordenanza. Enténdese por unidade familiar a formada por tódalas persoas que convivan no mesmo domicilio.

Artigo 8.- Requisitos dos solicitantes

Os/as solicitantes deberán ser veciños/as do Concello de Xinzo de Limia, empadroados nel, con antelación mínima de seis meses ó feito causante da solicitude, co obxecto de evitar calquera



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

posibilidade de fraude. Para estes efectos, poderán solicitárelles ós interesados a entrega de cantos documentos, informes ou antecedentes sexan precisos para o coñecemento da residencia efectiva dos solicitantes do termo municipal e do feito motivador da solicitude. A certificación da inscrición no padrón, e, de se-lo caso, o informe municipal sobre residencia efectiva, expedido polo persoal auxiliar da Unidade de Padrón, Estatística e Arquivo, ou polo Servizo de Asistencia Social, servirán para a formación do criterio do órgano municipal competente.

Requisitos:

1. Ser maior de idade ou menor emancipado.
2. Estar empadroado no Concello de Xinzo de Limia de forma ininterrompida polo menos seis meses de antigüidade. Excepcionalmente, poderán beneficiarse destas axudas, tralo informe dos/as técnicos/as municipais de servizos sociais, aquelas persoas que, carecendo de domicilio en Xinzo, a súa situación de máxima urxencia social faga necesaria esta axuda.
3. Acredita-la situación de necesidade.
4. Achega-la documentación requirida en cada caso.
5. Aceptación expresa, por parte do/a usuario/a, das condicións que figuran no deseño de intervención social.
6. Acreditar, mediante declaración responsable, atoparse ó corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
7. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, nin estar suxeito ó procedemento de reintegro ó que se refire o artigo 25 do seu regulamento.
8. Declaración xurada na que se faga constar que se se solicitou e/ou recibiu axuda a outros organismos para mesma finalidade.

Artigo 9.- Documentación requirida

1. Instancia de solicitude, segundo modelo oficial, dirixida ó alcalde deste concello.
2. Orixinal e fotocopia do documento nacional de identidade propio e, se é o caso, dos membros da unidade familiar maiores de idade. No suposto de estranxeiros, tarxeta de residente de asilo, refuxio ou calquera outro documento que o identifique.
3. Se é o caso, orixinal e fotocopia do libro de familia.
4. Se é o caso, certificado de empadramento e de convivencia.
5. Acreditación dos ingresos económicos actualizados, de tódolos membros da unidade familiar, a través de nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM ou calquera outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar.
6. Se é o caso, declaración da renda de tódolos membros da unidade familiar ou certificado da Delegación de Facenda de non ter obriga de realizala.
7. Declaración responsable do/a interesado/a de estar ó corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así como declaración xurada na que se faga constar se se solicitou e/ou recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda que se solicita.
8. Certificado municipal de bens mobles e inmobles e vehículos.
9. En caso de posuír conta bancaria, certificado ou declaración do n.º da conta bancaria da que é titular.
10. Orzamento de gastos para os que se solicita a axuda (só naqueles casos que sexa posible).
11. Calquera outro documento que lle sexa requirido polos Servizos Sociais Municipais para acredita-la súa situación persoal de necesidade ou do custo da axuda que solicita.

As axudas, en casos en que así o requiran, poderán ser presentadas por terceiras persoas, cuxa representación deberá acreditarse ante o servizo municipal de Asistencia Social.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Artigo 10.- Prazo de presentación

O prazo para solicitar estas axudas estará aberto todo o ano.

Artigo 11.-

Procedemento para a concesión das axudas.

- a. Solicitud en modelo oficial dirixido ó alcalde acompañada da documentación preceptiva e presentada no Rexistro Xeral do concello.
- b. No caso de terse iniciado o oficio, estudo e valoración da petición, ou da situación e das circunstancias familiares por parte dos/as técnicos/as municipais de servizos sociais, que necesariamente incluírá a realización da historia social familiar e o deseño de intervención social personalizado. O expediente necesariamente incluírá un informe social no que conste unha proposta de resolución que recollerá a identificación do/a solicitante, contía da subvención e o seu destino, así como a especificación da avaliación e criterios seguidos nela.
- c. A proposta de concesión ou denegación da axuda será asinada por técnicos/as municipais de servizos sociais e conformada polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar.
- d. Informe de fiscalización previa da Intervención Municipal. Neste senso, a proposta de concesión ou denegación deberá axustarse necesariamente ás características destas axudas e á existencia de crédito adecuado e suficiente.
- e. Debido ás características destas axudas, a proposta de concesión deberá resolverse no prazo máximo dun mes, dende a data de presentación de solicitude ou iniciación do oficio.
- f. A proposta de concesión será emitida polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais.
- g. A proposta de resolución someterase ó acordo da Xunta de Goberno, que adoptará a resolución definitiva.
- h. A efectividade da resolución de concesión quedará supeditada á súa aceptación expresa pola persoa beneficiaria, que deberá outorgala dentro do prazo máximo dos 15 días seguintes á súa notificación. No caso de que non se acepte no devandito prazo, quedará sen efecto a axuda concedida.

Artigo 12.- Obrigas dos beneficiarios

As persoas beneficiarias das axudas están suxeitas ás seguintes obrigas:

- a. Comunicar ante o órgano que concede dende a súa solicitude, as alteracións que se produzan nas circunstancias e requisitos subxectivos e obxectivos tidos en conta para a concesión da axuda.
- b. Acredita-la solicitude ou concesión doutra subvención, axuda ou ingreso de calquera outro organismo público ou privado destinado a financia-las actividades para as que se solicitan a axuda.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento e inspección periódica da aplicación dos fondos percibidos. Estas actuacións desenvolveraa o Departamento de Servizos Sociais a través dos mecanismos que se estimen oportunos.
- d. Destina-la axuda á actividade para que foi concedida.
- e. No caso das achegas económicas deberá presentarse a debida xustificación do gasto.

Artigo 13.- Reintegro

Procederese á devolución íntegra da axuda económica ou en especie, cando conorra algún dos seguintes supostos:

- a. O incumprimento das obrigas dos beneficiarios, trala percepción da subvención.
- b. O incumprimento da finalidade para a que se outorgou a axuda.
- c. O incumprimento de calquera das condicións impostas na resolución de concesión da axuda.
- d. O incumprimento da obriga de xustifica-la realización da actividade subvencionada e o seu custo real.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

e. A negativa ou obstrución ós labores de inspección, control e comprobación material establecidas polos servizos sociais e desenvolvidas por estes.

En tódolos supostos de reintegro previstos neste artigo, ademais da devolución, total ou parcial dos fondos públicos percibidos indebidamente, esixíranse os xuros de demora producidos, dende o momento de aboamento destes.

Artigo 14.- Criterios de valoración

Para a concesión de axuda por emerxencia social teranse en conta o indicador económico, anual e excluínste, IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) e o complemento familiar variable segundo o número de membros da unidade familiar (12% do importe mensual do IPREM polo primeiro membro adicional, 10% do importe mensual IPREM polo segundo; e 8% do importe mensual do IPREM por cada un dos restantes membros).

As contías expresadas será actualizadas anualmente en función da lexislación reguladora da renda de inserción social de Galicia. Na seguinte táboa fíxase a súa contía correspondente ó ano 2011. Os ingresos mensuais da unidade de convivencia non poderán ser superiores ó establecido na táboa que se recolle neste apartado; destes ingresos deducíranse os gastos en concepto de pensión alimenticia que teña que entregar ós fillos que non conviven.

Polo mesmo, no caso de superarse as contías establecidas, configuradas como límite máximo, o interesado solicitante non terá dereito a acceder á achega por este concepto.

Táboa cara ó 2011 (actualízase anualmente) N.º de membros unidade de convivencia Renda mínima (IPREM) Complemento IPREM Contías totais (RM+CI)

Solicitante; 100% IPREM 532,51 €; -; 532,51 €
Solicitante + 1; -; + 63,90 € (12% IPREM); 596,41 €
Solicitante + 2; -; + 123,54 € (10% IPREM); 656,05 €
Solicitante + 3; -; + 166,14 € (8% IPREM); 698,65 €
Solicitante + 4; -; + 208,74 € (8% IPREM); 741,25 €
Solicitante + 5; -; + 251,34 € (8% IPREM); 783,85 €
Solicitante + 6; -; + 293,94 € (8% IPREM); 826,45 €
Solicitante + 7; -; + 336,54 € (8% IPREM); 869,05 €
Solicitante + 8; -; + 379,14 € (8% IPREM); 911,65 €

A contía máxima das axudas municipais recibidas polos conceptos recollidos nesta ordenanza non poderán supera-los 900 € por familia e ano fiscal.

Na valoración teranse en conta os seguintes aspectos:

- Posibilidades neste momento de solicitar e/ou percibir axudas ou prestacións de calquera índole por parte desta u outras institucións públicas ou privadas, realizándose para iso unha valoración global dos ingresos do solicitante e do total de axudas que perciba.
- Situacións persoais, familiares e/ou sociais que dificulten ou impidan a inserción laboral dos membros da unidade convivencia.
 - Os documentos presentados, as entrevistas e visitas domiciliarias dos técnicos/as de Servizos Sociais e todos aqueles aspectos e circunstancias que se estimen determinantes para a concesión ou denegación da axuda solicitada.
 - Non ter renunciado a un posto de traballo de forma inxustificada. Neste caso non poderá recibir axudas no prazo de seis meses contados dende o momento da súa renuncia.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

- Ter entregado a documentación para acceder a este ou outro tipo de axudas económicas ás que foi orientada dende os Servizos Sociais.

Artigo 15.- Pagamento da achega

Tralo desenvolvemento do procedemento de concesión descrito no artigo 11 desta ordenanza, o aboamento ou pagamento da achega farase tendo en conta os seguintes condicionados:

1.- No tocante ás subvencións en especie: a entrega do ben esixirá a súa previa adquisición polo concello, tralo desenvolvemento dos trámites preceptivos segundo a normativa da contratación pública. Deberá incorporarse ó expediente administrativo a factura correspondente, informada polo Departamento de Servizos Sociais, pola Intervención municipal e conformada polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais.

Posteriormente deberá formalizarse acta de entrega detallada do ben obxecto da axuda asinada polo interesado, polo persoal tramitador do Departamento de Servizos Sociais e polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais, e na que se concretará o ben entregado e tódalas circunstancias da entrega.

2.- No tocante ás subvencións económicas: o pagamento esixirá a incorporación ó expediente administrativo do orzamento correspondente, informado polo Departamento de Servizos Sociais, polo Departamento de Intervención Municipal e conformado polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais.

Artigo 16.- Xustificación do gasto

1.- No tocante ás subvencións económicas: A xustificación do gasto farase mediante facturas dos pagamentos realizados, que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

A xustificación efectuarase no prazo de 15 días dende a súa percepción a achega económica e esixirá un informe favorable do Departamento de Servizos Sociais, emitido previa comprobación da aplicación polo interesado dos fondos percibidos á finalidade para a que foron outorgados.

2.- No tocante ás subvencións en especie:

A xustificación do gasto esixirá a formalización da acta de entrega detallada do ben obxecto da axuda asinada polo interesado, polo persoal tramitador do Departamento de Servizos Sociais e polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais, e na que se concretará o ben entregado e tódalas circunstancias da entrega.

Artigo 17.- Infraccións, sancións e procedemento sancionador

Será de aplicación o disposto no título IV "Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións" da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición final primeira As normas contidas nesta ordenanza son complementarias, neste municipio, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando derogadas ou modificadas polas normas regulamentarias ou outras disposicións de desenvolvemento ou complementarias que se diten en diante, en canto se opoñan a ela.

Disposición final segunda Esta ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do concello, en sesión realizada na data do 29.12.11, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.